
O CESGA diseña unha metodoloxía para a aprendizaxe da lingua de signos usando as TIC

- Actualizado (27.06.2006)

O Centro de Supercomputación de Galicia está a levar adiante un proxecto de investigación, denominado "Ensigna", que consiste en desenvolver unha nova metodoloxía para a aprendizaxe da lingua de signos facendo uso das Tecnoloxías da Comunicación e a Información –TIC-.

A iniciativa baséase na análise das máis novidosas ferramentas TIC para facilitar a aprendizaxe da lingua española de signos a todas as persoas interesadas.

Para levar adiante o proxecto, o CESGA conta coa colaboración da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia; do Grupo de Innovación e Tecnoloxía Educativa da Facultade de Pedagogía da Universidade de Santiago de Compostela, que posúe unha grande experiencia no deseño e avaliación de propostas TIC aplicadas ao ensino e da empresa viguesa Femxa, unha consultora especializada na xestión e no desenvolvemento de plans de formación aproveitando as TIC.

Esta compañía aportaralle ao proxecto a súa experiencia empresarial no desenvolvemento dos contidos multimedia piloto, así como na avaliación da proposta dende o punto de vista empresarial. A iniciativa conta co apoio económico do Plan Galego de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria, a través do Programa de Ciencias Sociais.

Para máis información ver nota de prensa.